



QUE PASA COA ASISTENCIA OS SÁBADOS POLA MAÑÁ?

BASTA XA DE IMPROVISACIÓN E DESPREZO ÁS TRABALLADORAS!

O Conselleiro de Sanidade volve demostrar, unha vez máis, o seu absoluto desinterese polas condicións laborais e polos dereitos das traballadoras.



Están informando as traballadoras que, a partir do 1 de abril, a actividade dos sábados en atención primaria pasará ao persoal do PAC...

Pero como pretenden facelo sen ter nin sequer modificada a normativa vixente?

- O decreto de atención primaria segue sen cambiarse.
- Non hai data clara: falan da última semana de marzo.
- E mentres tanto... que pasa co 1 de abril?

QUEREN CAMBIAR AS CONDICIÓNS DE TRABAJO DUN DÍA PARA OUTRO?

Para CIG-Saúde este cambio supón un EMPEORAMENTO CLARO DAS CONDICIÓNS LABORAIS:



- Máis fins de semana de traballo.
- Máis carga horaria nas carteleiras.
- Máis xornadas de 24 horas.

PRETENDEN MODIFICAR AS CARTELEIRAS POR DECRETO SEN NEGOCIACIÓN E SEN QUE SE COÑEZA O SEU CONTIDO PREVIAMENTE?

Todo son dúbidas, todo é opacidade, todo é improvisación.

É absolutamente INDECENTE que a día de hoxe as traballadoras non saiban:

- Quen vai prestar asistencia os sábados.
- En que condicións.
- Con que organización.



E todo isto... SEN NINGUNHA CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA.

Pretenden que as traballadoras asuman máis carga, máis desgaste e peores condicións a custe cero.

- SEN NEGOCIACIÓN.
- SEN INFORMACIÓN.
- SEN NINGUNHA COMPENSACIÓN.

Isto é un ATAQUE DIRECTO aos dereitos laborais.

Desde CIG-Saúde denunciámos:

- A falta total de diálogo.
- A imposición constante do Conselleiro de Sanidade.
- O desprezo ás traballadoras e á súa representación legal.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE PODE PUBLICAR OS DECRETOS QUE QUEIRA, PERO SE NON RESPECTA OS DEREITOS DAS TRABALLADORAS, CIG-SAÚDE XA AVISA QUE HABERÁ MÁIS MOBILIZACIÓNS.



NON SOMOS PEZAS DUN TABOLEIRO!

NON IMOS ACEPTAR MÁIS ABUSOS!

AS TRABALLADORAS NON IMOS CALAR!

